

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**3261** *Corrección de erros do Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.*

Advertidos erros no Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 18, do 21 de xaneiro de 2017, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 10, no artigo 11, número 2, onde di: «Antes do 1 de xuño de cada ano os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor presentarán un informe anual, relativo ao ano anterior, cun contido acorde coa Decisión 2001/753/CE da Comisión, do 17 de outubro de 2001, sobre un cuestionario para os informes dos Estados membros acerca da aplicación da Directiva 2000/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos vehículos ao final da súa vida útil;...», debe dicir: «Antes do 1 de xuño de cada ano os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor presentarán un informe anual, relativo ao ano anterior, de conformidade coa Decisión 2005/293/CE da Comisión, do 1 de abril de 2005; en todo caso, informarán sobre a posta no mercado de produtos...»

Na páxina 11, no artigo 11, número 3, onde di: «As comunidades autónomas remitirán anualmente ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente un informe resumo coa información recollida no punto anterior, debe dicir: «As comunidades autónomas remitirán anualmente ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente un informe resumo coa información recollida no número 1.»

Na mesma páxina, no artigo 11, número 4, onde di: «O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente remitirá á Comisión Europea informe sobre a aplicación deste real decreto. O informe elaborárase conforme o cuestionario establecido na Decisión 2001/753/CE da Comisión, do 17 de outubro de 2001», debe dicir: «O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente remitirá á Comisión Europea informes sobre a aplicación deste real decreto. Os informes elaboráranse conforme a Decisión 2001/753/CE da Comisión, do 17 de outubro de 2001, sobre un cuestionario para os informes dos Estados membros sobre a aplicación da Directiva 2000/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos vehículos ao final da súa vida útil, e a Decisión 2005/293/CE da Comisión, do 1 de abril de 2005».